Datos Do Expediente:

XUNTA DE GOBERNO LOCAL		
Unidade Tramitadora:		
Organos de Goberno e Central –		
Número expediente:	Documento:	
AYT/XGL/37/2022	GOB16I0I6	
4T6Y0O076K4U5W6N0I4Y		

ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA VINTE DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTEDOUS

SRES/AS ASISTENTES: **SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:** D/Dª MARIAN FERREIRO DÍAZ **SRES/AS CONCELLEIROS/AS:** D/Dª MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ D/Dª ROMAN ROMERO FRANCO D/Dª M.DEL MAR GOMEZ CASAL D/Dª JOSE OREONA BRA D/Dª JOSE DAVID PITA BREIJO **NON ASISTE:** D/Dª MARIA DE LA MERCED TAIBO REY **SRA. INTERVENTORA XERAL:** D/Dª MªPILAR CANZOBRE MÉNDEZ **SR. SECRETARIO XERAL:** D/Dª ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI	Na casa do Concello de Narón, ás 11:00 do vinte de outubro de dous mil vintedous, baixo a presidencia da Sra.ALCALDESA, MARIAN FERREIRO DIAZ, reúnese a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe. Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI,O SECRETARIO XERAL. Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Dada conta da acta da sesión anterior, a Xunta de Goberno Local, deulle a súa aprobación.

2 .- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA CONSELLERÍA DO MAR, POLA QUE SE APROBA A PRÓRROGA DO PRAZO DE EXECUCIÓN E XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO "ARTABRO INCLUSIVO" PRESENTADO CONXUNTAMENTE POLOS CONCELLOS DE NARÓN, FERROL E FENE..-

Dase conta da seguinte resolución: Visto o informe-proposta cuxa literalidade se transcribe a continuación:

"ASUNTO: Dar conta da Resolución da Consellería do Mar, pola que se aproba a prórroga do prazo de execución e xustificación do proxecto "Artabro Inclusivo", presentado conxuntamento polos concellos de Narón, Ferrol e Fene.

ANTECEDENTES.

A Consellería do Mar por orde do 21 de decembro de 2018, publicada no DOG de 31 de xaneiro de 2019, establece as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxecto ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas para os grupos de acción local do sector pesqueiro para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca 2014-2020.

En data 25-02-2021, mediante Xunta de Goberno Local, apróbase a solicitude de subvención da convocatoria referenciada, presentada conxuntamente cos concellos de Ferrol e Fene para o proxecto "Tanza". Na Xunta de Goberno Local do 18-03-2021 apróbase o cambio de denominación do proxecto que pasa a denominarse "Artabro Inclusivo".

Posteriormente a Consellería do Mar en data 03-08-2021, Resolve conceder para o proxecto conxunto dos Concellos de Narón, Fene e Ferrol "Artabro Inclusivo" unha axuda por importe de 20.291,50€. A axuda foi aceptada por Resolución de Alcaldía o 24-08-2021, dando conta a Xunta de Goberno Local o 09-09-2021.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

De conformidade co artigo 27 da orde que regula a subvención, o prazo límite de xustificacións das actuacións do ano 2022, remata antes do 31-10-2022, e vista a imposibilidade da xustificación no prazo estipulado, solicítase conxuntamente o 27-6-2022 a ampliación do prazo de execución e xustificación .
A directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro en data 10-08-2022, (notificada o 22-09-2022), Resolve aprobar a prórroga do prazo de execución e xustificación do proxecto "Artabro Inclusivo" ata o 25-11-2022.

NORMATIVA APLICABLE

- *Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*
- *R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 28/2003.*
- *Lei 9/2007, de 13 de xullo, de Subvencións de Galicia.*
- *Lei 39/2015,de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de réxime local.*
- *R.D.L, 2/2014, de 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.*
- *Orde de 21 de decembro de 2018 da Consellería do Mar.*
- *Xunta de Goberno Local 25-02-2021, aprobación da solicitude de subvención a Consellería do Mar.*
- *Xunta de Goberno Local 18-03-2021cambio denominación proxecto*
- *Concello Pleno 25-03-2021, proposta de convenio de colaboración conxunto.*
- *Resolución de Alcaldía 24-08-2021, aceptación Subvención.*
- *Resolución da Directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro de 10-08-2022 concedendo a prórroga ata o 25-11-2022, para a execución e xustificación da subvención.*
- *Bases de execución do orzamento en vigor.*

En base ao anterior, a Xefa do Servizo Sociocomunitario, Mª Yolanda Martínez García, informa a Alcaldía para que propoña , á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:
-Dar conta da Resolución da Consellería do Mar, pola que se aproba a prórroga do prazo, (ata o 25-11-2022), de execución e xustificación do proxecto "Artabro Inclusivo" da agrupación formada polos Concellos de Fene, Narón e Ferrol."

E unha vez visto o informe da Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal, documento SSO16I28G do expediente SSO/75//2021, esta Alcaldía en uso das atribucións que lle confire a Lei Reguladora das Bases de Réxime Local e demais normativa concordante e de conformidade cos servizos xurídicos, **PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL** a adopción do seguinte acordo:

- Aprobar o informe-proposta anteriormente transcrito nos seus mesmos termos.

A Xunta de Goberno Local, deuse por enterada.

3 **.- <u>PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PADRÓN FISCAL DAS TAXAS POLA UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO MES DE OUTUBRO E DO ADICIONAL DO MES DE SETEMBRO DE 2022</u>**.-
(…)
PRIMEIRO: Aprobar o padrón fiscal das taxas pola utilización das instalacións deportivas, do mes de **outubro de 2022**, por importe de **7.836,45 €** e **42 recibos.**
SEGUNDO: Aprobar o padrón fiscal adicional das taxas pola utilización das instalacións deportivas, do mes de **setembro de 2022**, por importe de **329,10 €** e **11 recibos.**
TERCEIRO: Os padróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 días, a contar desde o día seguinte á publicación do Edicto no BOP. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, xeral tributaria, e no artigo 75 da Ordenanza Fiscal nº 1 xeral de xestión, recadación e inspección.

CUARTO: Durante o período de exposición pública, contra as liquidacións incorporadas aos padróns, todos os interesados poderán interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes.

QUINTO: Finalizado o prazo de exposición pública, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo DUN MES contado desde o día seguinte ao mesmo. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados desde o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES a contar desde o día seguinte ó da presentación do recurso de reposición, en virtude do disposto no artigo

14.2 do Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, entenderase desestimado, cos efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Non obstante, si se considera convinte, poderán utilizar e exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

4 **.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PADRÓN FISCAL DAS TAXAS POLA INSCRICIÓN NOS CURSOS E ACTIVIDADES DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO MES DE OUTUBRO DE 2022**.-

(…)

PRIMEIRO: Aprobar o padrón fiscal das taxas pola inscrición nos cursos e actividades das instalacións deportivas do mes de outubro de 2022, cun importe de 21.914,55 € e 1.173 contribuíntes.

SEGUNDO: O padrón quedará exposto ao público no Concello durante o prazo de 15 días, a contar desde o día seguinte á publicación do Edicto no BOP. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, xeral tributaria, e no artigo 75 da Ordenanza Fiscal nº 1 xeral de xestión, recadación e inspección.

TERCEIRO: Durante o período de exposición pública, contra as liquidacións incorporadas ao padrón, todos os interesados poderán interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes.

CUARTO: Finalizado o prazo de exposición pública, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo DUN MES contado desde o día seguinte ao mesmo. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados desde o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES a contar desde o día seguinte ó da presentación do recurso de reposición, en virtude do disposto no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, entenderase desestimado, cos efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Non obstante, si se considera convinte, poderán utilizar e exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

5 **.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PADRÓN FISCAL DAS TAXAS POLOS SERVIZOS PRESTADOS NAS ESCOLAS INFANTIS MUNICIPAIS DO MES DE OUTUBRO DE 2022.**.-

(…)

Primeiro: Aprobar o padrón fiscal das taxas polos servizos prestados nas escolas infantís municipais, do mes de outubro de 2022, cun total de 138 contribuintes e por importe de 5.287,63 €.

Segundo: O padrón quedará exposto ao público no Concello durante o prazo de 15 DIAS, a contar dende o día seguinte á publicación do Edicto no BOP. O presente anuncio ten carácter de

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, xeral tributaria, e no artigo 75 da Ordenanza Fiscal nº 1 xeral de xestión, recadación e inspección.
Terceiro: Durante o período de exposición pública, contra as liquidacións incorporadas ao padrón, todos os interesados poderán interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes.
Cuarto: Finalizado o prazo de exposición pública, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, no prazo DUN MES contado dende o día seguinte ao mesmo. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados dende o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES, a contar dende o día seguinte ao da presentación do recurso de reposición, en virtude do disposto no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, entenderase desestimado, cos efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Con todo, se se considera convinte, poderán utilizar e exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

6º.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

V. e pr.
F_FIRMA_96 F_FIRMA_4